

## **INMIGRACIÓN E ESCOLA EN GALICIA: EDUCAR XEOGRAFICAMENTE, EDUCAR INTERCULTURALMENTE**

Francisco Rodríguez Lestegás\*  
Universidade de Santiago de Compostela

### **RESUMO**

Este traballo céntrase na escolarización do alumnado inmigrante en Galicia e na contribución da xeografía a unha educación intercultural. Despois de considerarmos o recente cambio de tendencia dos movementos migratorios no noso país, abórdase o impacto que esta nova situación demográfica está a producir na escola e revísanse as medidas de atención á diversidade cultural adoptadas polas Administracións educativas. Por último, propónse unha serie de suxestións e recursos desde a perspectiva dunha educación xeográfica de carácter intercultural.

**Palabras clave:** inmigración, escolarización, xeografía, educación intercultural.

### **ABSTRACT**

This paper deals with the schooling of the immigrant pupils in Galicia and the contribution of geography to an intercultural education. After considering the recent change of tendency of the migratory movements in Spain, the impact that this new demographic situation is producing at school is approached, and the measures of attention to cultural diversity adopted by educative Administrations are reviewed. Finally, a few suggestions and resources are proposed from the perspective of an intercultural character geographical education.

**Keywords:** immigration, schooling, geography, intercultural education.

### **INTRODUCCIÓN**

Se o concepto clave ata os anos setenta do pasado século foi o de *igualdade*, nas últimas décadas viuse substituído polo de *diversidade*. A emerxencia imparable deste novo principio, e non só no eido educativo, inscríbese no contexto de reivindicación da individualidade que nos legou o posmodernismo. É doado estar de acordo en que todas as persoas somos diferentes e que non é aceptable categorizalas ou xerarquizalas en función das singularidades que presenten. Porén, non todas as diferenzas merecen ser respectadas, senón que algunhas deben ser combatidas, xa que son desigualdades froito de relacións inxustas e asimétricas entre as persoas (Besalú, 2002). Só cando a diferenciación se expresa a través da diversidade, como riqueza cultural e multiplicidade en sentido positivo, debe adoptarse no ámbito educativo como fundamento da tolerancia e da valoración da pluralidade.

Existen dous grandes modelos para a consideración da diversidade na educación (Illán e García, 1997). Por un lado, adoita estimarse que prestar atención a este “problema” significa ocuparse dos alumnos que son distintos, por conflictivos, dos considerados “normais”; os medios a empregar poden ser moi variados: a repetición de curso, o desvío cara itinerarios curriculares de

---

\* Dpto. de Didáctica da Lingua e Literatura e das Ciencias Sociais.

inferior rango, a atención individualizada dentro ou fóra da aula, ou, en xeral, calquera estratexia que supoña segregalos con respecto ao grupo “normal”. Pero hai outro modelo baseado na estimación da diversidade de todos os alumnos, que deben recibir a atención precisa para o desenvolvemento das capacidades enunciadas nos obxectivos educativos; neste caso, os procedementos para logralo non están determinados pola capacidade persoal ou o rendemento escolar, senón polas necesidades formativas e, aínda que non se exclúa a atención individual, o que se prioriza é o traballo en grupos heteroxéneos, a optatividade e a autorregulación da aprendizaxe.

## DA PASADA EMIGRACIÓN Á INMIGRACIÓN ACTUAL

Na década dos oitenta do século XX, poucos anos despois do cambio de réxime político, España deixa de ser terra de emigrantes para se converter nun país de inmigración. Coa incorporación á daquela chamada Comunidade Económica Europea (1986), o noso país recibe o certificado de estado moderno e do “primeiro mundo”, que o transforma en destino desexable para os novos fluxos migratorios. Aínda que cunha intensidade inferior e con certos trazos específicos (Armas, 2003), Galicia –que fora exportadora de recursos humanos de forma continuada– experimentou tamén o mesmo proceso e comezou a recibir tres tipos de colectivos inmigrantes: retornados de nacionalidade española (emigrantes ou descendentes deles), inmigrantes de países culturalmente afíns (Europa e Sudamérica) e inmigrantes de países culturalmente distantes (África e Asia) (Consellería de Emigración, 2004).

Nos dez anos transcorridos entre 1994 e 2003, ambos os dous inclusive, regresaron a Galicia 54.210 antigos emigrantes, o que representa o 21,44% do total de españois que volveron ao seu país de orixe durante ese período e permite á nosa comunidade situarse á cabeza do Estado no que se refire ao número de retornados. A maior parte deles procedían de países sudamericanos (Venezuela, Arxentina, Uruguai) e europeos (Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido). De todos modos, e sen menosprezar a importancia desta inmigración de retorno, cómpre centrarmos a atención no considerable incremento do número de estranxeiros que mudaron a súa residencia á nosa comunidade: un total de 38.079 persoas ao longo da década considerada. Ademais, desde o ano 2001 o número de estranxeiros empadroados anualmente nalgún concello galego xa reborda a cifra de españois retornados. Por outro lado, malia que o balance migratorio de Galicia co resto do Estado segue a ser negativo, o conxunto da inmigración procedente do exterior permite alcanzar un saldo global positivo; e non só iso, senón que desde 2002 o fluxo de inmigrantes abonda para compensar tamén a forte perda vexetativa ocasionada polo declive demográfico de Galicia (Táboa 1).

Como resultado desta afluencia de inmigrantes, o número total de estranxeiros residentes en Galicia pasou de 19.693 en 1998 a 53.808 empadroados con data 1 de xaneiro de 2003, o que representa un incremento do 173,23% ao longo dese período e do 26,72% no último ano da serie. Non obstante, o rexistro de residentes legais –con tarxeta ou permiso de residencia en vigor– ao rematar o ano 2003 contabilizaba só 37.522 persoas, o que significa que as restantes 16.286 (o 30,26% do total) atopábanse en situación irregular (Táboa 2).

Táboa 1. Dinamismo demográfico de Galicia (1994-2003)

Ano	Crecemento vexetativo	Saldo migratorio interior	Inmigrantes		
			Retornados	Estranxeiros	Total
1994	-7.859	752	3.924	362	4.286
1995	-9.665	-399	3.997	357	4.354
1996	-10.282	-1.676	2.983	221	3.204
1997	-9.461	-2.138	5.028	880	5.908
1998	-9.565	-3.574	5.479	1.371	6.850
1999	-10.509	-5.138	6.099	2.407	8.506
2000	-9.440	-5.653	6.667	5.880	12.547
2001	-8.939	-4.229	3.967	7.428	11.395
2002	-8.925	-3.652	8.435	9.751	18.186
2003	-9.292	-3.627	7.631	9.422	17.053
Total	-93.937	-29.334	54.210	38.079	92.289

Fonte: INE (*Movimiento natural de la población e Estadística de variaciones residenciales*<sup>1</sup>).

Táboa 2. Estranxeiros residentes en Galicia (legalizados e empadroados)

Ano	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		Galicia	
	Legal.	Emp.	Legal.	Emp.	Legal.	Emp.	Legal.	Emp.	Legal.	Emp.
1998	5.271	5.525	2.925	2.396	4.931	5.353	8.013	6.419	21.140	19.693
1999	6.358	6.042	2.998	2.700	4.386	5.983	8.781	7.062	22.523	21.787
2000	7.108	7.367	3.039	3.083	4.666	6.644	9.328	8.508	24.141	25.602
2001	7.366	10.360	3.545	3.398	5.337	7.927	10.364	11.373	26.612	33.058
2002	8.753	13.885	3.588	4.231	5.803	9.132	12.256	15.214	30.400	42.462
2003	11.655	18.212	4.494	5.229	6.614	10.055	14.759	20.312	37.522	53.808

Fonte: INE (*Extranjeros residentes legalmente en España*<sup>2</sup> e *Padrón municipal de habitantes*).

En todo caso, cómpre salientar que, malia o incremento observado, Galicia está moi por debaixo do promedio inmigratorio rexistrado no conxunto do Estado español. Non debe esquecerse que a poboación estranxeira residente en territorio galego supón pouco máis do 2% dos que viven en España, cando a poboación empadroada en Galicia representa o 6,44% do total español. Analogamente, os estranxeiros non chegan ao 2% da poboación galega, mentres que no conxunto de España representan o 6,24% do padrón municipal. Sendo a sexta comunidade autónoma española no tocante ao número de habitantes, Galicia descende ao undécimo lugar en canto á recepción de

<sup>1</sup> A estatística de variacións residenciais elabórase polo INE a partir da explotación da información relativa ás altas e baixas nos padróns municipais de habitantes motivadas por cambios de residencia.

<sup>2</sup> A clasificación dos estranxeiros residentes legalmente en España elabórase a partir dos datos proporcionados polo *Registro de Extranjeros Residentes* da Dirección Xeral da Policía do Ministerio do Interior.

inmigrantes, o que non obsta para que o progresivo aumento da poboación procedente do estranxeiro se converta nun verdadeiro balón de osíxeno para a exhausta demografía galega<sup>3</sup>.

Como xa sinalamos, detrás da chegada de persoas procedentes doutros países agóchase o lado escuro da irregularidade; porén, as trabas administrativas non lograrán impedir que a poboación inmigrante prosiga o seu aumento durante os próximos anos, tanto no conxunto de España coma no territorio propiamente galego. Para o 2010, as estimacións do INE prevén que a presenza de estranxeiros en Galicia aproximárase ás 120.000 persoas, o que suporía sobrepassar amplamente o dobre dos seus efectivos actuais. Esta cifra, non obstante, é meramente orientativa e podería oscilar tanto á alza como á baixa, xa que o INE realizou estas proxeccións partindo do suposto dunha continuidade do actual ritmo de entrada de inmigrantes. En todo caso, cabe sinalar que os expertos agardan unha intensificación global do fenómeno inmigratorio que apenas afectaría a Galicia, na hipótese de que esta seguirá sendo unha das comunidades con menor atractivo para os traballadores estranxeiros.

Outra das peculiaridades da inmigración en Galicia é a orixe dos estranxeiros, cunha presenza destacada de cidadáns procedentes fundamentalmente dos países de América Central e do Sur (52,47%), en especial os de nacionalidade colombiana, arxentina e venezolana. Outro grupo importante é o formado por europeos (35,01%), entre os que sobresaen os portugueses, con máis de 11.000 afincados en Galicia, o que os converte no maior continxente de estranxeiros radicados nesta comunidade. Os africanos, pola súa parte, representan só un 8,39% dos inmigrantes, mentres que os asiáticos aportan outro 1,90%, na súa maioría chineses<sup>4</sup>.

Trátase de poboación moi nova e concentrada nas idades activas e reprodutivas<sup>5</sup>, que se instala preferentemente en ámbitos urbanos, sendo as áreas metropolitanas de Vigo e A Coruña as que absorben o 43,27% dos inmigrantes de Galicia<sup>6</sup>. A atracción dos principais polos urbanos da comunidade actúa así de xeito eficaz para a chegada de estranxeiros, que ven na actividade industrial

<sup>3</sup> En 2001, o número de menores de 15 anos só era superior ao de maiores de 65 en quince dos 315 concellos galegos: Ames, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oroso e Teo, na provincia de A Coruña; Baiona, Cambados, Gondomar, Marín, Nigrán, Poio e Porriño, na de Pontevedra; O Barco de Valdeorras na de Ourense, e Burela na de Lugo (Chantada, 2004). Nestas circunstancias, Galicia necesita inmigrantes para sobrevivir, xa que as previsións demográficas alertan acerca dun horizonte pouco prometedor: no ano 2010, unicamente en catorce municipios galegos a poboación moza garantizará o relevo xeracional. Só nese reducido número de concellos, todos eles situados na provincia de Pontevedra, os efectivos demográficos de 16 a 40 anos –o primeiro tramo da poboación activa– eran iguais ou superiores aos do intervalo comprendido entre 40 e 65 anos; nos restantes non se cumpre esa proporción, co que sen a chegada de inmigrantes non existirá substitución xeracional suficiente nos próximos anos.

<sup>4</sup> Datos correspondentes ao Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2003. Se tomamos en consideración unicamente os estranxeiros con residencia legal, o último rexistro contabilizado (tarxeta ou permiso de residencia en vigor a 31 de decembro de 2003) non contradí no esencial as cifras proporcionadas polo Padrón: 45,92% para os inmigrantes procedentes de países de América Central e do Sur; 37,91% para os europeos; 11,14% para os africanos, e 2,65% para os asiáticos.

<sup>5</sup> O 60% dos estranxeiros está comprendido nun arco de idades de entre 20 e 44 anos, e un 17% non cumpríu a vintena.

<sup>6</sup> Ambas as dúas zonas acadan unha concentración mesmo superior á tendencia do comportamento da poboación en termos xerais, dado que os espazos vigués e coruñés suman o 35,3% do total demográfico galego.

e terciaria localizada nos seus respectivos contornos unha oportunidade de emprego e de futuro para as súas familias<sup>7</sup>. Por iso, a distribución da inmigración dista moito de ser uniforme entre as catro provincias: Pontevedra e A Coruña ofrecen taxas de saldo migratorio superiores ao 3 por cada 1.000 habitantes (de feito, a primeira acolle a case o 38% da poboación estranxeira en Galicia), en tanto que no outro extremo sitúanse Lugo e Ourense, con taxas inferiores ao 1%<sup>8</sup>. É importante sinalar que a inmigración procedente de Portugal aséntase preferentemente en Vigo e Verín, sendo Ourense a provincia galega que máis portugueses recibe (60%); pola súa banda, Lugo é o eixe das preferencias amosadas pola inmigración marroquí.

Para rematar coas características propias da inmigración en Galicia, cómpre mencionar a presenza maioritaria das mulleres, que suman o 52,8% do total dos inmigrantes, fronte ao 48,2% dos varóns, en tanto que no conxunto de España invértense estas proporcións. Porén, esta pauta dominante varía en función da nacionalidade; así, a maioría feminina resulta particularmente apreciable no caso dos inmigrantes chegados desde Colombia ou desde outros países latinoamericanos, mentres que o predominio masculino é contundente se nos referimos aos cidadáns magrebís ou africanos en xeral (Consellería de Emigración, 2004).

## A ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO INMIGRANTE

Moitos expertos confían en que a inmigración aumentará as taxas de natalidade dos países receptores, corrixindo así o envellecemento da poboación e repercutindo positivamente no número de efectivos escolarizados. Se manexamos datos correspondentes a todo o territorio español e ao conxunto do sistema educativo (desde educación infantil ata os estudos universitarios), resulta que o recente repunte da natalidade e, sobre todo, o aumento do alumnado estranxeiro<sup>9</sup> foron os factores responsables do incremento de 23.787 alumnos (0,3%) no curso 2003-2004 con respecto ao ano académico anterior. Este dato ten unha importante significación, xa que se rompe por vez primeira a tendencia decrecente dos últimos quince anos, confirmándose a estabilización do censo escolar que empezara a apreciarse no curso 2002-2003.

En realidade, o vertixinoso aumento dos alumnos inmigrantes constitúe, xunto á incorporación das novas tecnoloxías ao ámbito educativo, o factor que máis está cambiando o panorama

<sup>7</sup> De todos modos, o elevado prezo da vivenda e, en xeral, a maior carestía de vida nas cidades, está levando a importantes grupos de inmigrantes a elixir como lugar de residencia algúns pequenos ou medianos núcleos de poboación próximos aos centros industriais, como sucede en Arteixo e O Porriño. Noutras ocasións a ubicación céntrase en asentamentos con forte tradición pesqueira, como é o caso da comarca pontevedresa de O Morrazo e a localidade luguesa de Burela.

<sup>8</sup> O concello lucense de Ribeira de Piñón é o único das 315 municipalidades galegas cuxo padrón non rexistra residentes estranxeiros. Pola súa parte, Triacastela, Navia de Suarna, Muras, Riotorto, Negueira de Muñiz, Baleira, Meira, A Fonsagrada, Folgoso do Courel, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes e As Nogais –concellos tamén lugueses todos eles– teñen inscrito un número de residentes estranxeiros comprendido entre 1 e 8.

<sup>9</sup> En efecto, o número de alumnos estranxeiros que estudan en España incrementouse considerablemente nos últimos anos. Se no curso 1993-94 había no noso país 50.076 alumnos estranxeiros, no ano escolar 2002-03 cursaron estudos en centros españois 333.349 alumnos doutras nacionalidades, dos cales 303.827 atopábanse matriculados en ensinanza non universitarias.

da educación no noso país. A multiculturalidade das aulas está facendo necesaria unha reformulación dos obxectivos da educación nos países desenvolvidos, e os entendidos levan anos prognosticando as tremendas repercusións escolares e sociais desta nova situación en España. Hoxe xa é un feito e as súas consecuencias empezan a ser perfectamente visibles.

Como xa se apuntou, en Galicia este fenómeno non reviste, polo momento, a mesma magnitude que noutras comunidades autónomas españolas, se ben a crecente presenza de inmigrantes na sociedade galega está a transformar de modo cada vez máis apreciable a composición do alumnado nas aulas. Así, no curso 2003-04 os centros educativos galegos que imparten ensinanzas non universitarias albergaban 6.704 alumnos de nacionalidade non española, case un 22% máis ca no curso anterior, de maneira que o crecemento do alumnado inmigrante é xa unha constante en Galicia ao longo dos últimos anos (Táboa 3). As previsións da Consellería de Educación apuntan a que no curso 2004-2005 estean escolarizados no sistema educativo galego máis de 7.000 alumnos procedentes de familias inmigrantes. Agora ben, a pesar do importante incremento rexistrado, Galicia tamén segue á cola no tocante ao alumnado inmigrante<sup>10</sup>. Só o 1,1% dos alumnos de Educación Infantil son estranxeiros, cifra que sobe ao 1,7% no tramo da Educación Primaria, para descender ao 1,6% na Educación Secundaria.

Táboa 3. Alumnado de orixe estranxeira escolarizado en Galicia

Curso	Alumnos estranxeiros	Incremento (%)	Números índices
2000/01	2.592	-	100,00
2001/02	3.635	40,23	140,23
2002/03	5.507	51,49	212,46
2003/04	6.704	21,73	258,64

Fonte: Consellería de Educación (*Curso Escolar 2004/05. Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia. Setembro, 2004*).

Son escolares que veñen cos seus pais, e estes acoden para buscar traballo, polo que as provincias atlánticas, as máis desenvolvidas, convertéronse no seu principal destino en Galicia, tal como xa se fixo notar. Por iso, Pontevedra acapara o 40,6% do total de alumnos de outros países, e A Coruña o 34,3%. Na primeira delas, o número de inmigrantes escolarizados en colexios e institutos practicamente se triplicou nos últimos dous anos. Outra das características deste colectivo é a súa concentración nas zonas urbanas: o 51% estuda nalgunha das sete cidades galegas, mentres que o 49% distribúese entre os 308 concellos restantes. Vigo, con 1.055, é a cidade galega que máis

<sup>10</sup> No curso 2002-03, o número de alumnos estranxeiros que estudaban en España representaba o 4,5% da poboación escolar total. Por comunidades autónomas, Madrid e Baleares eran as que máis porcentaxe de alumnado estranxeiro tiñan, cun 8,9 e 8,7%, respectivamente. Por detrás aparecían Navarra e A Rioxa (6,4%), Murcia (5,8%), Canarias (5,5%), Comunidade Valenciana (5,4%), Cataluña (5,3%) e Aragón (5,0%). Por debaixo da media estatal situábanse Melilla (3,9%), Castela-A Mancha (3,1%), Castela e León (2,7%), Cantabria (2,3%), Andalucía e País Vasco (2,2%), Asturias (1,9%), Extremadura e Galicia (1,4%) e Ceuta (0,9%).

estudantes procedentes da inmigración acolle, seguida de A Coruña, con 716, e Ourense, con 426; con cifras moi semellantes sitúanse Santiago (378), Pontevedra (352) e Lugo (322), en tanto que Ferrol, con só 169 estranxeiros escolarizados, ocupa o derradeiro posto.

A procedencia maioritaria dos inmigrantes escolarizados volve estar vinculada, loxicamente, aos países de América do Sur, de maneira que os alumnos arxentinos e colombianos superan en cada caso o milleiro. Os portugueses, pola súa parte, exceden do medio millar, cunha destacada presenza na provincia de Ourense. En todo caso, fronte ao espectacular crecemento do número de alumnos sudamericanos nos tres últimos cursos, o efectivo de estudantes portugueses vense mantendo practicamente estable. En canto á presenza de alumnos de orixe marroquí, apréciase un crecemento constante pero moderado ao longo dos últimos cursos escolares (Táboa 4). A previsión para os próximos anos é que se manteña esta tendencia á alza polo menos durante un lustro, sempre que as condicións económicas non varíen substancialmente, e que os países latinoamericanos sigan sendo as principais nacións de orixe.

Táboa 4. Alumnado de orixe estranxeira por nacionalidade

País	2000/2001	2001/2002	2002/2003	2003/2004
Arxentina	142	352	955	1.124
Colombia	384	743	971	1.020
Venezuela	236	272	480	636
Portugal	504	509	530	527
Uruguai	36	106	245	489
Marrocos	239	295	371	475
Brasil	138	188	247	335
Ecuador	25	65	135	222
Rep. Dominicana	113	134	171	194
Suíza	51	123	140	160
Outros	724	848	1.262	1.522
Total	2.592	3.635	5.507	6.704

Fonte: Consellería de Educación (*Curso Escolar 2004/05. Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia. Setembro, 2004*).

Por outra banda, o 84,6% deste alumnado está escolarizado en centros de titularidade pública, polo que convén salientar a escasa taxa de escolarización dos inmigrantes nos centros concertados e menos aínda nos privados. Esta situación fai reacer sobre o sistema público as crecentes demandas sociais derivadas da diversidade cultural e incrementa o risco da formación de guetos escolares, sen que as disposicións legais contemplan a posibilidade dun cupo ou obrigatoriedade para escolarizar alumnado estranxeiro de orixe nos centros de titularidade privada sostidos con fondos públicos, baixo o argumento oficial da imposibilidade legal de obrigar a unha familia a elixir un determinado tipo de ensinanza. Ante semellante desequilibrio, que se limita a reproducir a situación característica do conxunto do territorio español, cada vez son máis insistentes as reclamacións dunha distribución máis equitativa dos estudantes de orixe estranxeira entre os distintos tipos de centros

escolares, co fin de non lastrar os resultados académicos. Reivíndicase, asemade, máis investimentos na rede pública, máis medios para evitar a impotencia profesional dos ensinantes e a introdución da perspectiva intercultural nos programas de formación do profesorado (Armas, 2003; Jordán, 1999).

## AS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CULTURAL

Todo parece indicar que a, de momento, escasa presenza de inmigrantes entre nós e a súa procedencia maioritaria de países europeos (Portugal, sobre todo) e iberoamericanos son os factores que explican a pouca atención que mereceu a multiculturalidade do alumnado escolarizado nas aulas galegas (Armas, 2003). De feito, as investigacións sobre o particular céntranse nunha breve nómina de autores e as previsións legais en materia de atención escolar aos alumnos inmigrantes teñen, ata o momento, un curto alcance. Por iso se bota en falta unha aposta política de integración real e un impulso decidido a prol dunha educación intercultural que supere os enfoques compensatorios que etiquetan ao alumnado inmigrante como estudantes con “necesidades educativas específicas”.

En efecto, na “Exposición de motivos” da LOCE<sup>11</sup> faise referencia expresa a este novo desafío e á necesidade dunha intervención educativa axeitada: *“o rápido incremento da poboación escolar procedente da inmigración demanda do sistema educativo novos instrumentos normativos, que faciliten unha efectiva integración, educativa e social, dos alumnos procedentes doutros países que, con frecuencia, falan outras linguas e comparten outras culturas. Pois o grao de integración social e económica dos adultos depende, a medio e longo prazo, da capacidade de integración, por parte do sistema educativo, de nenos e adolescentes procedentes da inmigración”*. Porén, as medidas dirixidas aos alumnos estranxeiros figuran no Capítulo VII do Título I da Lei, dirixido a regular a atención aos alumnos con necesidades educativas específicas, no mesmo articulado ca os alumnos superdotados intelectualmente e os que teñen necesidades educativas especiais. Así, no apartado 1 do artigo 42 pode lerse: *“Para os alumnos que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, as Administracións educativas desenvolverán programas específicos de aprendizaxe coa finalidade de facilitar a súa integración no nivel correspondente”*. E o que se enuncia no parágrafo seguinte é concluínte: *“Os programas a que fai referencia o apartado anterior poderanse impartir (...) en aulas específicas establecidas en centros que impartan ensinanzas en réxime ordinario”*.

Nesta mesma liña, desde a Administración educativa galega sostense que algúns dos nenos e mozos inmigrantes traen un nivel de preparación moi aceptable, de forma que o seu encaixe no sistema escolar galego non representa grandes dificultades. Pero tamén hai casos en que presentan problemas de lingua, comunicación e cultura, así como atrasos, deficiencias e desaxustes que orixinan dificultades e suscitan retos de grande importancia. Quizais por iso a disposición promulgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para regular a atención ao alumnado inmigrante<sup>12</sup> contempla unha serie de medidas que se dirixen basicamente a compensar o descoñecemento das dúas linguas oficiais da comunidade, o desfase

<sup>11</sup> Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (BOE do 24 de decembro).

<sup>12</sup> Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro (DOG do 26 de febreiro).

curricular que poidan presentar os estudantes procedentes doutros sistemas educativos e as graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais. Resulta doado constatar, xa que logo, a ausencia de proxectos educativos baseados en presupostos interculturais, mesmo naqueles centros que xa contan cunha importante e crecente presenza de alumnos de variada procedencia xeográfica e cultural (Santos e Lorenzo, 2003).

Está claro que o currículo galego ten un carácter monocultural, no cal as accións dirixidas á diversidade cultural baséanse fundamentalmente no apoio aos culturalmente diversos. Isto significa que o profesorado, no ámbito das diversas áreas e disciplinas curriculares, axúdalles a estes alumnos a aprender os contidos do currículo común establecido. Ademais, promóvense experiencias positivas de aprendizaxe cooperativa (Santos, 1994), coa finalidade de potenciar a tolerancia e a aceptación dos outros dentro da estrutura social existente. A colaboración entre os alumnos, co obxecto de lograr unha meta gratificante para todos, permite exercitar a comunicación e a solidariedade, evitando os efectos negativos da competitividade e o individualismo (Rosales, 1994). De todos modos, dado que o desenvolvemento persoal e social está estreitamente relacionado coa progresiva configuración da identidade persoal, parece evidente a necesidade de apoios educativos específicos e sistemáticos para evitar a aculturación ou perda da propia cultura no caso dos alumnos inmigrantes.

## **A CONTRIBUCIÓN DA XEOGRAFÍA A UN CURRÍCULO INTERCULTURAL: SUXESTIÓNS E RECURSOS**

Aínda que a inmigración fose certamente o fenómeno histórico-social que desencadeou o interese pola interculturalidade, a diversidade provocada pola presenza de alumnado inmigrante nas escolas é só un dos moitos tipos de pluralismo cultural que se manifestan nas aulas, polo que as formulacións interculturais non poden quedar reducidas á problemática suscitada pola estada de inmigrantes entre nós e a inserción escolar dos seus fillos. Xa que logo, a educación intercultural debe estender o seu ámbito de actuación a todas as escolas, porque todas as sociedades son heteroxéneas culturalmente e en todas elas se practica a exclusión social, contén ou non coa presenza de minorías étnico-culturais. E non só iso, senón que unha educación intercultural así concibida desborda os lindes estritamente curriculares e enmárcase nun proxecto social de maior alcance orientado ao establecemento de relacións igualitarias e simétricas entre culturas (Barandica, 1999). Se de verdade se quere que o pluralismo acabe prevalecendo en todos os ámbitos, dentro e fóra da escola, debe ser a sociedade no seu conxunto a que se comprometa con esta causa.

Aceptado isto, construír un currículo intercultural significa comprender a realidade desde diferentes perspectivas culturais; problematizar os contidos do currículo común e contextualizalos; cuestionar as visións banalizadas, estandarizadas e tópicas; reflexionar criticamente sobre a cultura propia e sobre as alleas; diversificar os materiais curriculares, e xerar actitudes positivas nas relacións entre posuidores de culturas distintas (Besalú, 1999). Pois ben, nun currículo así conceptualizado o papel da xeografía escolar pode ser relevante. Téñase en conta que hai xa bastante tempo que o ensino da xeografía deixou de centrarse na relación de países, capitais, ríos, montañas, cifras demográficas e recursos produtivos para orientar o seu propósito formativo cara á comprensión da organización do espazo en tanto que está ocupado por sociedades humanas diversas, de maneira que o obxectivo das ensinanzas xeográficas debe dirixirse a “razoar xeograficamente”, “pensar o espazo” (Clary, 1992). E desde esta perspectiva, “educar xeograficamente” (Souto, 1998;


Souto e Ramírez, 1996) supón tamén educar interculturalmente. Velaquí algunhas suxestións e certos recursos para abordar este desafío.

### “NÓS TAMÉN FOMOS EMIGRANTES”

O feito de que Galicia se teña convertido nos últimos anos en terra de inmigración non debe levarnos a esquecer o noso propio pasado emigrante, primeiro a América e despois a Europa (Documentos 1 e 2), así como a outros puntos de España. Precisamente, o éxodo secular a que se viu sometida a poboación galega é unha das causas responsables do proceso de avellentamento que hoxe atenaza a nosa situación demográfica. Como se sabe, a emigración actúa negativamente sobre a estrutura por idades a través de tres mecanismos: diminuíndo os efectivos demográficos mozos, facendo caer a fecundidade e a natalidade, e aumentando o número de vellos cando os retornos afectan a persoas de idade xa avanzada. Ata os anos cincuenta do século XX, o movemento natural aínda era quen de compensar as baixas causadas pola emigración, pero despois a sangría migratoria devorou o crecemento vexetativo e agravou o proceso de envellecemento.

Documento 1. Evolución da emigración galega transoceánica


Período	Núm. de emigrantes
1911-1920	399.569
1921-1930	338.589
1931-1940	56.868
1941-1950	70.977
1951-1960	219.428
1961-1970	94.519
1971-1980	11.733
1981-1990	1.828



Fonte: Torres Luna, M<sup>a</sup> P. de (dir.) (1986): *Geografía de Galicia. Vol. II: Población y poblamiento*. A Coruña, Xuntanza; Hernández Borge, J. (1996): A poboación. En: F. Rodríguez Iglesias (ed.), *Galicia. Xeografía. Tomo XVII*. A Coruña, Hércules, pp. 269-311.

Documento 2. Emigración galega continental, por destinos (1961-1975)

Destino	Núm. De emigrantes
Alemaña	84.103
Francia	16.617
Reino Unido	6.101
Países Baixos	10.865
Suíza	136.964
Outros	659





FONTE: Hernández Borge, J. (1996): A poboación. En: F. Rodríguez Iglesias (ed.), *Galicia. Xeografía. Tomo XVII*. A Coruña, Hércules, pp. 269-311.

Rosalía de Castro (*Follas Novas*, 1880) poetizou de xeito insuperable o drama da emigración galega:

*Éste vaise i aquél vaise,  
e todos, todos se van.  
Galicia, sin homes quedas  
que te poidan traballar.  
Tes, en cambio, orfos e orfas  
e campos de soledad,  
e nais que non teñen fillos  
e fillos que non tén país.  
E tes corazóns que sufren  
longas ausencias mortás,  
viudas de vivos e mortos  
que ninguén consolará.*

Pola súa banda, o fotógrafo Manuel Ferrol gañou merecidamente o título de cronista gráfico da nosa emigración. No ano 1957, a Comisión Católica da Emigración encárgoulle unha reportaxe que rexistrase o embarco de emigrantes galegos con destino a América. Os preparativos da saída do porto da Coruña, as confesións antes da partida, a despedida dos emigrantes fronte ao mar dos adeuses, os rostros pasmados dos que se ían e os xestos de abatimento dos que quedaban..., constitúen un documento de inequívoco carácter emotivo e social.



### **“OS MOVEMENTOS MIGRATORIOS, UNHA EXPRESIÓN DOS DESEQUILIBRIOS E DAS DESIGUALDADES”**


Un dos conceptos clave transdisciplinares das ciencias sociais é a diferenciación, sendo a desigualdade unha das súas manifestacións. Dado que non todas as persoas teñen idénticas oportunidades (en función da actividade económica, o xénero, a etnia, a relixión ou a nacionalidade), tampouco posúen o mesmo poder nin a mesma riqueza, polo que a desigualdade tradúcese nunha situación social de opresión e explotación marcada polas relacións de dominio duns sobre outros.

Cómpre, xa que logo, caracterizar as desigualdades económicas e sociais que se observan no noso mundo, comprender as relacións asimétricas entre os espazos desenvolvidos e subdesenvolvidos, e analizar a incidencia espacial dos desequilibrios territoriais. Todo iso co obxectivo final de impulsar un compromiso a prol dos dereitos humanos, a solidariedade e a xustiza social, entendendo o concepto de interdependencia no senso de convivencia e cooperación entre persoas, colectivos e países.

Unha das formas máis habituais de realizar estimacións comparativas do nivel de vida dunha sociedade é mediante a consideración do Produto Interior Bruto per cápita (PIBpc). O PIB é unha medida agregada do valor de todos os bens e servizos producidos por unha sociedade (un país ou unha rexión) durante un determinado período de tempo, normalmente un ano. Por conseguinte, a análise do PIBpc permítenos comparar a riqueza dun individuo medio de diferentes sociedades. A este respecto, as comparacións internacionais vense facilitadas se expresamos os datos relativos ao PIBpc en dólares USA, axustados segundo a “paridade do poder adquisitivo” (PPA); o que se trata é de facer unha comparación do nivel real dos prezos entre países, e para iso o axuste consiste en determinar o número de unidades da moeda dun país que se necesita para adquirir unha cesta fixa de bens e servizos representativa do consumo medio do país de referencia, e cuxo custo sería un dólar en Estados Unidos.

O mapa incluído como Documento 3 reflicte a distribución do Produto Interior Bruto por habitante entre os diversos países do mundo, expresado conforme ao indicado no parágrafo anterior e con datos do ano 2001. Nel podemos observar que os países que contan cun baixo nivel de vida (PPA inferior a 3.000 dólares) son os situados na África intertropical, sur e sureste asiáticos e algúns países latinoamericanos; os países que teñen un nivel de vida medio (PPA comprendido entre 3.000 e 8.000 dólares) esténdense pola Europa oriental e a antiga URSS, norte e sur de África e mais boa parte do territorio sudamericano; por último, os países que disfrutan dun alto nivel de vida (PPA superior a 8.000 dólares) sitúanse en América do Norte, no cono suramericano, na Europa occidental e setentrional, na Península arábiga, Sudáfrica, Extremo Oriente, Australia e Nova Celandia.

Documento 3. Distribución do Produto Interior Bruto por habitante (2001)




Fonte: PNUD (2003), *Informe sobre desarrollo humano 2003*. Barcelona/Madrid/México, Mundi-Prensa.

Pola súa banda, o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) constitúe un protocolo de medición do nivel de desenvolvemento ou benestar dunha sociedade. Está baseado na combinación sinóptica de tres dimensións do concepto de desenvolvemento humano: a “saúde” (capacidade de disfrutar dunha vida longa e saudable, que se mide mediante a esperanza de vida ao nacer), a “educación” (capacidade de enfrontarse ao mundo con suficientes coñecementos, valorada en función das taxas de alfabetización de adultos e de matriculación combinada en estudos primarios, secundarios e superiores) e a “riqueza” (capacidade de acceder aos bens de consumo e ter un nivel de vida digno, que se avalía a través do PIBpc expresado en PPA en dólares USA).

O Documento 4 aporta un segundo mapa que reflicte a desigual distribución do Índice de Desenvolvemento Humano no mundo. Os países aparecen clasificados en tres grupos ou categorías: os países cun baixo nivel de desenvolvemento humano (IDH inferior a 0,500) son os situados preferentemente na África intertropical; os países cun nivel medio de desenvolvemento humano (IDH comprendido entre 0,500 e 0,799) ocupan boa parte da América central e meridional, norte e sur de África e a maior parte do continente euroasiático, e, finalmente, os países cun alto nivel de desenvolvemento humano (IDH igual ou superior a 0,800) corresponden a América do Norte, cono suramericano, Europa occidental e setentrional, Extremo Oriente, Australia e Nova Celandia.

Documento 4. Distribución do Índice de Desenvolvemento Humano (2001)



Fonte: PNUD (2003), *Informe sobre desarrollo humano 2003*. Barcelona/Madrid/México, Mundi-Prensa.

A continuación insírese unha táboa (Documento 5) que amosa os datos correspondentes ao PIBpc e IDH de varios países de onde proceden importantes continxentes de inmigrantes chegados a Galicia, así como os valores medios españois, que nos poden axudar a entender a nova dirección dos fluxos migratorios. Ademais, poden comprobarse as variacións das clasificacións segundo o PIBpc e o IDH entre 175 países considerados, demostrando que os ingresos elevados non sempre son garantía de altos niveis de desenvolvemento humano e, reciprocamente, que é posible alcanzar altos niveis de desenvolvemento humano sen que vaian acompañados de elevados ingresos. Polo tanto, adoptando as políticas apropiadas, os países poden avanzar en termos de desenvolvemento

humano aínda que sigan contando con ingresos reducidos. Por exemplo, países como Arxentina, Ecuador, Uruguai ou Venezuela foron quen de converter de maneira bastante efectiva a produción económica en desenvolvemento humano, todo o contrario do que ocorreu en Marrocos ou a República Dominicana.

Documento 5. Países de orixe dos inmigrantes  
Indicadores do nivel de vida e desenvolvemento humano (2001)

País	PIBpc (PPA en \$)	Posic.	IDH	Posic.
Arxentina	11.320	45	0,849	34
Brasil	7.360	64	0,777	65
Colombia	7.040	67	0,779	64
Ecuador	3.280	109	0,731	97
Marrocos	3.600	107	0,606	126
Portugal	18.150	30	0,896	23
Rep. Dominicana	7.020	68	0,737	94
Suíza	28.100	7	0,932	10
Uruguai	8.400	59	0,834	40
Venezuela	5.670	84	0,775	69
<b>España</b>	<b>20.150</b>	<b>24</b>	<b>0,918</b>	<b>19</b>

Fonte: PNUD (2003), *Informe sobre desarrollo humano 2003*. Barcelona/Madrid/México, Mundi-Prensa.

Por último, incluímos outra táboa (Documento 6) na que se amosan os datos do PIBpc e IDH correspondentes ás provincias galegas, así como os promedios da nosa Comunidade Autónoma e de España. A súa análise permitiranos comprender por qué a intensidade da inmigración en Galicia é inferior á doutras comunidades autónomas e tamén atoparemos explicacións á desigual distribución dos fluxos migratorios entre as catro provincias galegas. Cómpre ter en conta que, aínda que a evolución do desenvolvemento de Galicia ao longo dos últimos vinte anos foi claramente positiva, os valores tanto do PIBpc coma do IDH de todas as provincias galegas seguen claramente por debaixo da media nacional.

Documento 6. Galicia. Indicadores do nivel de vida e desenvolvemento humano (2000)

	PIBpc (PPA en \$)	IDH
A Coruña	15.797	0,890
Lugo	13.148	0,878
Ourense	13.280	0,877
Pontevedra	14.441	0,882
<b>Galicia</b>	<b>14.672</b>	<b>0,889</b>
<b>España</b>	<b>18.654</b>	<b>0,900</b>

Fonte: Herrero, C.; Soler, A. e Villar, A. (2004), *Capital Humano y Desarrollo Humano en España, sus Comunidades Autónomas y Provincias. 1980-2000*. Valencia, IVIE.

**“NON SOMOS O EMBIGO DO MUNDO”**


As nosas imaxes mentais adoitan reflectir unha visión eurocéntrica do mundo. Os mapas, lonxe de seren representacións técnicas, obxectivas e neutrais da realidade espacial, son construcións sociais que transmiten mensaxes ideolóxicas, culturais e políticas. Así, nos mapas presentes nos libros e atlas escolares, ao igual que nos mapas murais utilizados nas aulas, Europa aparece situada nun espazo central, o que nos induce a configurar a crenza de que o noso continente ocupa o centro do mundo e provoca a conformación dunha visión eurocéntrica do planeta (Documento 7).

Documento 7. A familiarización cunha imaxe eurocéntrica



Ademais, a proxección de Mercator, habitualmente utilizada nas representacións de toda a superficie terrestre ou “mapamundis”, favorece aos países setentrionais: o desprazamento intencionado do ecuador cara á metade inferior do mapa dá lugar a un sobredimensionamento do “Norte” en detrimento do “Sur”. Deste xeito, os países nortefíos, e sobre todo os europeos, ven reforzada a súa preeminencia sobre os meridionais (Documento 8). Por iso, e quizais con bastante fundamento, esta proxección foi acusada de fomentar unha mentalidade colonialista e racista.

Documento 8. Mapamundi segundo a proxección de Mercator




Máis polo miúdo, o Documento 9 amosa algunhas desproporcións causadas pola proxección de Mercator: América do Sur (17,8 millóns km<sup>2</sup>) semella máis pequena ca o espazo europeo situado ao oeste dos Urais (9,7 millóns km<sup>2</sup>), aínda que sexa case o dobre máis extensa; a antiga URSS (22 millóns km<sup>2</sup>) represéntase moito máis grande que África (30 millóns km<sup>2</sup>), cando tiña que ser ao revés, e China (9,5 millóns km<sup>2</sup>) aparece cartografiada cunha superficie visiblemente inferior á de Groenlandia (2,1 millóns km<sup>2</sup>), sendo catro veces maior na realidade.

Documento 9. Algúns enganos da proxección de Mercator



Pola súa banda, o Documento 10 representa un mapamundi elaborado segundo a proxección de Peters. Aínda que a distorsión da forma dos continentes fai que estes adopten un perfil moi estraño en comparanza co que estamos acostumados a ver, as superficies cartografiadas axústanse máis á realidade. Así, nos casos de África ou América do Sur mantense a equivalencia das súas respectivas superficies con respecto a Europa ou América do Norte. Esta proxección foi adoptada por numerosas organizacións e utilizada en materiais educativos, pero non puido librarse de ser considerada un produto absurdo, provocador e falsificador.

## Documento 10. Mapamundi segundo a proxección de Peters



Cómpre combater as visións “etnocéntricas” (“eurocéntricas” desde a realidade europea), que tenden a vulgar os sistemas axiolóxicos e culturais doutros grupos sociais sen se apartar do modelo implantado no propio grupo, de maneira que cada sociedade constrúe as súas identidades culturais desde ela mesma e fronte ás demais. Así se afianza a persistencia desa conciencia de superioridade cultural, non só pola presenza hexemónica de información sobre “a nosa” realidade fronte á simplificación tópica “doutras” realidades, senón tamén pola distinta valoración e lexitimación dos trazos definitorios da nosa “identidade” fronte aos que configuran a “alteridade”. Deste xeito, adoita transmitirse a idea de que o mundo divídese en sociedades portadoras de historia e outras que non a teñen (Campani, 1998): por suposto, a historia identifícase con nós, mentres que a existencia dos outros redúcese a aspectos folclóricos; os progresos da humanidade atribúense exclusivamente aos occidentais, en tanto que os demais pobos están irremediabilmente condenados ao subdesenvolvemento a causa de condicionamentos físicos ou mentais. Todo iso contribúe a sistematizar unha profunda incapacidade para o diálogo con outras formas culturais, bloqueando ou cortocircuitando a posibilidade de calquera encontro ou intercambio con elas (Aranguren e Sáez, 1998).

### “IMOS COÑECER O PAÍS DE...”

Cómpre despertar o interese dos estudantes galegos por coñecer algúns datos relevantes dos países de procedencia dos alumnos inmigrantes cos que comparten aulas. Para iso dispoñemos dunha páxina web (<http://go.hrw.com/atlas>) que proporciona mapas e abundante información relativa a todos os países do mundo agrupados por continentes: superficie, poboación, indicadores sociais e económicos, etc. A título de exemplo, facilitamos documentación xeográfica correspondente a dous dos países –un americano e outro africano– de onde proceden importantes colectivos de alumnos inmigrantes escolarizados en Galicia.

Documento 11. Argentina



**Nome oficial:** República Arxentina

**Capital:** Bos Aires


**Superficie:** 2.766.890 km<sup>2</sup>

**Poboación (2001):** 37.384.816 hab.

**Recursos económicos:** cereais, cítricos, viñas, tabaco, soia; gandería; pesca; minerais e recursos enerxéticos; industria alimentaria, téxtil, siderúrxica, metalúrxica, mecánica, química.


**Datos climatolóxicos** (<http://www.worldclimate.com>)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Ano
T (°C)	23,6	22,7	20,6	16,7	13,3	10,4	10,0	11,1	13,3	16,0	19,3	22,0	16,6
P (mm)	93,0	81,3	116,9	89,9	76,6	63,7	59,1	65,0	78,3	96,6	88,8	95,9	1.005,1



Bos Aires (34° 35' S; 58° 29' O; 25 m)

**Pirámide de idades** (<http://www.census.gov/ipc/www/idbsum.html>)



Documento 12. Marrocos



**Nome oficial:** Reino de Marrocos

**Capital:** Rabat


**Superficie:** 446.550 km<sup>2</sup>

**Poboación (2001):** 30.645.305 hab.

**Recursos económicos:** cereais, cítricos, viñas, oliveiras; gandeiría; pesca; minerais; industria alimentaria, marroquinería, téxtil, química; turismo.


**Datos climatolóxicos** (<http://www.worldclimate.com>)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec	Ano
T (°C)	12,2	13,2	14,7	15,7	17,3	20,1	22,3	22,6	22,1	19,4	16,8	13,8	17,5
P (mm)	80,4	67,5	64,9	56,8	24,2	8,1	0,3	0,9	7,5	45,8	83,2	101,3	540,9



Rabat (34° 2' N; 6° 44' O; 84 m)

**Pirámide de idades** (<http://www.census.gov/ipc/www/idbsum.html>)



**BIBLIOGRAFÍA**

- ARANGUREN, L. A. e SÁEZ, P. (1998):** *De la tolerancia a la interculturalidad. Un proceso educativo en torno a la diferencia*. Madrid, Alauda/Anaya.
- ARMAS CASTRO, X. (2003):** “Inmigración, escola e educación intercultural en Galicia”. En GONZÁLEZ, A.; LOSADA, J. A. e REQUEJO, A. (coords.): *Inmigración e escola*. Santiago de Compostela, Consello Escolar de Galicia, pp. 73-91.
- BARANDICA, E. (1999):** “Educación y multiculturalidad: análisis, modelos y ejemplos de experiencias escolares”. En ESSOMBA, M. A. (coord.): *Construir la escuela intercultural. Reflexiones y propuestas para trabajar la diversidad étnica y cultural*. Barcelona, Graó, pp. 15-20.
- BESALÚ, X. (1999):** “El currículum”. En ESSOMBA, M. A. (coord.): *Construir la escuela intercultural. Reflexiones y propuestas para trabajar la diversidad étnica y cultural*. Barcelona, Graó, pp. 91-104.
- BESALÚ, X. (2002):** *Diversidad cultural y educación*. Madrid, Síntesis.
- CAMPANI, G. (1998):** “Currículum y multiculturalismo en la escuela secundaria: la cultura histórica. Aspectos del debate en Francia y en Inglaterra”. En BESALÚ, X.; CAMPANI, G. e PALAUDÀRIAS, J. M. (comps.): *La educación intercultural en Europa. Un enfoque curricular*. Barcelona, Pomares-Corredor, pp. 105-116.
- CHANTADA ACOSTA, J. R. (2004):** *Deslocalización de la juventud en Galicia 1991-2001 según los índices de juventud*. Documento inédito.
- CLARY, M. (1992):** “Aprender a situar, situar para aprender”. *Boletín de didáctica de las ciencias sociales*, 5, pp. 31-43.
- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (2004):** *Curso Escolar 2004/05. Datos e cifras da ensinanza non universitaria en Galicia. Setembro, 2004*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN (2004):** *Estudio sobre la inmigración en Galicia: integración y trayectorias*. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- HERNÁNDEZ BORGE, J. (1996):** “A poboación”. En RODRÍGUEZ IGLESIAS, F. (ed.): *Galicia. Xeografía. Tomo XVII. A Coruña, Hércules*, pp. 269-311.
- HERRERO, C.; SOLER, A. e VILLAR, A. (2004):** *Capital Humano y Desarrollo Humano en España, sus Comunidades Autónomas y Provincias. 1980-2000*. Valencia, IVIE.
- ILLÁN, N. e GARCÍA, A. (1997):** *La diversidad y la diferencia en la educación secundaria obligatoria: retos educativos para el siglo XXI*. Archidona (Málaga), Aljibe.
- JORDÁN, J. A. (1999):** “El profesorado ante la educación intercultural”. En ESSOMBA, M. A. (coord.): *Construir la escuela intercultural. Reflexiones y propuestas para trabajar la diversidad étnica y cultural*. Barcelona, Graó, pp. 65-73.
- PNUD (2003):** *Informe sobre desarrollo humano 2003*. Barcelona/Madrid/México, Mundi-Prensa.
- ROSALES, C. (1994):** “El reto de la educación multicultural en la construcción del currículum”. En SANTOS REGO, M. A. (ed.): *Teoría y práctica de la educación intercultural*. Santiago de Compostela/Barcelona, Universidade de Santiago de Compostela/PPU, pp. 43-67.
- SANTOS REGO, M. A. (1994):** “La dimensión interactiva y el aprendizaje cooperativo como vía de educación intercultural”. En SANTOS REGO, M. A. (ed.): *Teoría y práctica de la educación intercultural*. Santiago de Compostela/Barcelona, Universidade de Santiago de Compostela/PPU, pp. 121-142.

- SANTOS REGO, M. A. e LORENZO MOLEDO, M<sup>a</sup> M. (2003):** *Inmigración e acción educativa en Galicia.* Vigo, Xerais.
- SOUTO, X. M. (1998):** *Didáctica de la Geografía. Problemas sociales y conocimiento del medio.* Barcelona, Serbal.
- SOUTO, X. M. e RAMÍREZ, S. (1996):** “Enseñar Geografía o educar geográficamente a las personas”. *Íber. Didáctica de las Ciencias Sociales, Geografía e Historia*, 9, pp. 15-26.
- TORRES LUNA, M<sup>a</sup> P. de (dir.) (1986):** *Geografía de Galicia. Vol. II: Población y poblamiento.* A Coruña, Xuntanza.